

NUM. 09/2016

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DATA 28 DE XULLO DE 2016

En Soutomaior a 28 de xullo de 2016, sendo as trece horas, e previa convocatoria ó efecto reuníronse no Salón de Sesións da Casa Consistorial baixo a Presidencia de D. Agustín Reguera Ocampo, os/as Concelleiros/as D. Ramón Angel Fernández Garrido, D. Jesús Antonio Vidal Lage, D.^a M.^a Dolores Cernadas García, D.^a Cristina González Piedras, D.^a Fátima Vidal Gómez, D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, D.^a María Menduiña Durán, D.^a M.^a Rosario Bouzón Martínez, D. Alejandro Pazos Míguez, D.^a Olalla Obelleiro Hermida e D.^a Verónica Montero Pérez e coa asistencia da Secretaria-Interventora, D.^a Margarita Mariño Pérez, para celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal en primeira convocatoria.

Ausente: D.^a Noelia Ocampo González

A Sra. Bouzón Martínez abandona a sesión sendo as 14:35 horas durante o transcurso de Rogos e Preguntas.

Aberta a sesión pública polo Sr. Alcalde, adoptáronse os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES, NUMS. 06/16 E 08/16

Polo Sr. Alcalde, e de conformidade co sinalado no art. 91 do ROF, pregúntase ós/ás asistentes se teñen algunha matización ou aclaración que facer ás actas das sesións anteriores, núms. 6/16 (de data 26/05/16) e 8/16 (de data 14/07/16).

A acta nº 6/16 é aprobada con sete votos a favor (dos seis membros membros presentes do grupo político do PP e da membro do GM) e cinco abstencións (dos membros do grupo político BNG). A acta nº 8/16 é aprobada por unanimidade dos membros do Pleno.

2º.- FIXACIÓN FESTA LOCAIS 2017

Dáse lectura ó Ditame da Comisión Informativa de réxime interior e de persoal, que di:

Dáse lectura a Proposta da Alcaldía que di:

Recibido escrito da Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria – Servizo de emprego e economía social (RE nº 1632 de data 19/07/16) no que se solicita que por este Concello se faga proposta de festas locais para o ano 2017, polo presente **PROPOÑO:**

Fixar como festa locais do Concello para 2017, as seguintes:

- **17 de abril, "Luns de Pascua".**
- **7 de agosto, "San Caetano".**

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a Proposta presentada nos seus propios termos.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

DEBATE

O Sr. Alcalde explica o cambio de "San Salvador (día 6 de agosto)" a "San Caetano (día 7 de agosto)", por coincidir San Salvador en domingo.

VOTACIÓN

Por unanimidade dos doce membros presentes da Corporación, o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Proposta presentada nos seus propios termos.

3º.- CONVENIO COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE INSTITUCIÓN PENITENCIARIAS E O CONCELLO DE SOUTOMAIOR PARA O CUMPRIMENTO DE PENAS DE TRABALLO EN BENEFICIO DA COMUNIDADE

Dáse lectura ó Ditame da Comisión Informativa de réxime interior e de persoal, que di:

Examínase o convenio remitido pola Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias para a adhesión do Concello de Soutomaior en relación co cumprimento de penas de traballo en beneficio da comunidade.

A Comisión propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Adherirse ó Convenio de colaboración entre a Secretaría de Institucións Penitenciarias e os Concellos, para o cumprimento de penas de traballo no beneficio da comunidade.

DEBATE

A Sra. González Piedras explica o sentido e os términos do Convenio.

O Sr. Lourenzo Sobral di que na Comisión Informativa intentou clarear algunhas dúbidas. Segue sen telo, claro a pesar de que o consultou. É un convenio moi pouco concreto. Abre un abano para posibles problemas no Concello e por elo non debería ser tratado así. Vai por partes: - Prazas que se van a ofertar no Concello: non aparecen no Anexo. - Cláusula 2º Artigo 4º: Influencia nos postos de traballo. Sempre inflúe. O artigo 5 se fala do seguimento por parte dos traballadores do Concello. Se pregunta se teñen formación e capacidade para facelo. Estas políticas debes ir sempre acompañadas de financiamento e de persoal. Isto é o que non lles parece ben, que institucións penitenciarias as mande sen compensación. Cláusula 4, Catálogo de prazas. Non aparece, non se trae a Pleno. Non lle pode pedir a un grupo que valoren isto sen saber qué prazas se van a tocar. Da problemas en todos os Concellos, insiste en que creen firmamente en estas políticas, pero debe vir acompañado de financiación e de persoal e que non sexan os veciños de Soutomaior os que teñan que cargar con isto. Comisión de seguimento: pouco operativa. Oportunidades de que as prazas sexan realizadas en empresas privadas con fines políticos. Debería estar concretado e fiscalizado por persoas responsables. Vaise abster porque aínda crendo que é importante dar pasos na reinserción, cree que o convenio xenera moita dúbida e hai experiencias en outros concellos nos que se crean moitos problemas e deberían estudar antes estes problemas para evitalos. Anuncia a abstención porque creen que debe traballarse este



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Convenio de maneira diferente.

O Sr. Alcalde di que non é nada novo para este Concello, xa se aprobou no ano 2009, levan anos recibindo xente, sobre todo do Concello. É un Convenio moi sinxelo e queda patente que nos postos de traballo non pode repercutir. A experiencia ata o momento e que nun causaran problemas. Quen leva isto é a traballadora social. Se trata de traballos complementarios de outros que se están facendo. Actividades nos que se inclúen os traballadores, non todos os penados teñen o mesmo perfil, polo que hai que ver onde se colocan. Lles parece que isto axuda moito ás persoas que están nesta situación e non ten apenas custe para o Concello. É por un ano prorrogable, se pensaran que non é beneficioso, é suficiente con no prorrogalo.

O Sr. Lourenzo Sobral di que se remite a declaración de Institucións Penitenciarias. Son eles os que din que cada vez se abre mais o abano de delitos/problemas. Pode causar problemas no futuro. Non se lles dou toda a información na Comisión. Realizan labores que son propios do Concello, inflúen no traballo do Concello. Aínda que leve funcionando dende hai tempo iso non quita para que se poida mellorar. Deberían anticiparse aos problemas que poden xurdir.

O Sr. Alcalde si hai un problema se pode contar con xente cerca de aquí. A Traballadora Social traballa con xente de Vigo que actúan de inmediato.

VOTACIÓN

Con sete votos a favor (dos seis membros presentes do grupo político do PP e da membro do GM) e cinco abstencións (dos cinco membros presentes do grupo político do BNG) o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo:

Adherirse ó Convenio de colaboración entre a Secretaría de Institucións Penitenciarias e os Concellos, para o cumprimento de penas de traballo no beneficio da comunidade.

4º.- INFORMES ALCALDÍA

- **Resolucións:** De acordo có establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, O Sr. Alcalde da conta, sucintamente, das resolucións adoptadas dende o 26 de maio de 2016 ó 26 de xullo de 2016 (núms. 175/16 a 276/16).

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Lourenzo Sobral realiza as seguintes preguntas:

1º.- Agradecerlle ó Alcalde a consideración con eles porque o convite para os premios Luis Peña Novo lle chegou un día despois do acto, cando ó Concello chegou 14 días antes.

O Sr. Alcalde si que chegou por correo, en sobre pechado a nome do



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

BNG, lle dixo a Nieves que o reenviara urxente e se lle entregou o día seguinte. Non sabía o que viña dentro.

2º.- Estado camiños. Entre o Viso e Moreira: problema co firme, queren saber si van tomar algunha medida.

O Sr. Alcalde resposta que bachearan cando haxa un programa de bacheo.

3º.- Illas colectores. Lles comunican que en algunhas illas non hai colectores de vidrios.

O Sr. Fernández Garrido di que en todos os sitios en que se lles demanda algún punto se está poñendo.

4º.- Arqueta na recta do Piñeiro. Pediron que se tapara, os veciños están denunciando verquidos nesa arqueta. O Concello ten coñecemento de esta práctica? Esta práctica é legal? Adoptouse algunha medida dende que foi denunciado, e van adoptar algunha medida?

O Sr. Alcalde resposta que non solo sucede nesa arqueta. Non se pode verter nada alí, non está autorizado, e podería ocasionar un problema para as depuradoras. A resolución ao problema non é fácil porque pasa en varias arquetas.

O Sr. Lourenzo Sobral di que é algo recorrente e xa se tratou variar veces aquí. Eles o poñen en coñecemento do goberno municipal para que adopte as medidas necesarias.

5º.- Estado do campo de fútbol de Soutomaior. Son conscientes de que determinados labores de mantemento están sen facer?..Pregunta si o Concello vai limpar iso.

O Sr. Alcalde di que estase facendo unha inversión importante no campo de fútbol de Soutomaior. Esperan que a finais de xullo esté todo concluído. Todos os anos se leva a cabo a limpeza de todos os campos, en setembro, antes de que comece a liga. Estará totalmente limpo cando se vaia a empezar este ano.

O Sr. Lourenzo Sobral di que hai restos de caucho de cando se botou a herba. Benvidas todas as reformas que se fagan.

6º.- Bache entre Rosalía de castro e a nacional 550, qué pasa?

O Sr. Alcalde di que deuse parte a Fomento, son eles quen puxeron as sinais, osea que son conscientes do que hai.

O Sr. Lourenzo Sobral di que non están claras as competencias da Lei respecto a ese tema, pero que respeten un pouco ós veciños de Soutomaior.

7º.- Limpeza de terreos. A ordenanza traía consigo unha serie de obrigas para o Concello que non se levaron a cabo. Pregunta si se están facendo ou non. Cantas se fixeron de oficio?

O Sr. Alcalde di que se colocou un Bando e houbo unha reacción positiva. Por parte do Concello se abriron algúns expedientes xa. A arquitecta está de baixa e non é fácil saber quen son os propietarios.

O Sr. Lourenzo Sobral di que teñen dúbidas de que o equipo de goberno esté cumprindo. O Concello non actuou de acordo coa Ordenanza.

O Sr. Alcalde di que é bo ter a Ordenanza, da posibilidades que non tiñan antes.

8º.- Corte de auga. Dada as dimensións da avería, causou moitos danos e non se deu información. Deixación de funcións. Debería haber dado aviso a través das redes sociais, etc.

O Sr. Alcalde di que foi un tema moi grave. Non foi unha ruptura.



Tratouse dunha cuestión de desabastecemento. Casi o 100% é abastecemento de Eiras e dende alí se suministra ós depósitos. Captación insuficiente para consumo. Ademais incrementouse moito o consumo. Parecía que estaba arranxado pero non. Tomou a decisión de non avisar porque a consecuencia houbera sido moito peor. Gracias a iso houbo auga o día seguinte, aínda que fora pouca. Afortunadamente se atopou o problema, que era un problema de atasco na saída da tubaxe en Aranza, responsabilidade de Aqualia Pensa que fixeron o mellor ó non avisar a ninguén de que non había auga, porque se habería consumido antes. Agora está todo funcionando ben.

O Sr. Lourenzo Sobral di que os veciños actúan con responsabilidade sempre que se lles esixe responsabilidade. Unha cousa é o aviso e outra non dar nin unha soa información do que está pasando. Critica a falta de información. Que non teña a máis mínima dúbida respecto ó apoio que lles darían nun caso así. Faría falta unha disculpa ós veciños polas molestias.

O Sr. Alcalde di que el pide disculpas sen problema e pide que conste en acta.

O Sr. Lourenzo Sobral pide que conste en acta que cando haxa un problema deste tipo poñéñase a disposición do equipo de goberno para colaborar no que faga falta.

A Sra. Bouzón Martínez abandona a sesión sendo as 14:35 horas.

9º.- Rotonda Cochón. O final a obra é iso que está ahí? O resultado final lle parece que non cambia sustancialmente o que hai alí e visualmente é ridículo. Non sabe se houbo un problema de deseño ou de execución.

O Sr. Alcalde di que hai que esperar a que esté rematado, non se podían facer moitas cousas, pero pensa que vaise gañar bastante. En seguridade cree que se gañará moito.

10º.- Seguro de responsabilidade civil para facer uso das instalacións deportivas. pregunta a que se debe? Queren saber a que se vai aplicar e en qué contexto.

O Sr. Alcalde di que saiu unha nova Lei e hai que aplicala. Se lles explicará máis en concreto.

11º.- Estrada dende Coello ata Cortellas. Queixas polo estado. Esixe unha actuación inmediata.

O Sr. Alcalde di que non está prevista nos orzamentos deste ano. Fíxose a metade, de Chan de Moreira a Coello Agora queda o segundo tramo e espera poder facela o próximo ano.

12º.- Lamela. Tamén unha situación de deficiencias.

O Sr. Alcalde di que non o ve moi deficiente en xeral. Dentro dos plans do ano que ven verán as prioridades.

13º.- Estado da auga do río. Se denuncia unha situación máis anómala do habitual. Falaron con Seprona e con as mariscadoras. Non lle poideron concretar si era por vertido ou por una alga do río.

O Sr. Alcalde di que non o saben, está convencido de que un vertido non foi. As analíticas da praia están dando todas ben. O puxeron en coñecemento da Augas de Galicia. Xente do lugar di que pasa máis veces. Non foi un día, foron varios días.

O Sr. Lourenzo Sobral di que uns biólogos lles dixeron que podía ser un proceso de oxidación da alga de río. Non está de máis que o Concello dera algunha información de que non pasa nada, para evitar alarmas e que a xente sepa que non é perigoso.



CONCELLO DE SOUTOMAIOR

14º.- Limpeza beirarrúas. Hai sitios nos que é imposible pasar sen que os fentos toquen o coche, en Moreira e en outras zonas.

O Sr. Alcalde di que a unha tócalle antes e a outras despois, pero o estado das carreteras municipais é bastante bo. Pasouse o tractor desbrozador, se está pasando continuamente. O que lle preocupa é o estado de mantemento das estradas provinciais.

15º.- Biblioteca Arcade. No Pleno de marzo preguntaron sobre o acceso a minusválidos, lles parece moi importante, xa leva moitos anos así. Hoxe por hoxe a técnica permite solucionalo. Evidentemente non son solucións baratas, pero se pasou a biblioteca de onde estaba antes a ata ese sitio e agora hai que solucionalo. Queren saber se hai avances nesa materia.

O Sr. Alcalde di que hai avances moi pequenos. Están falando co propietario dunha praza de garaxe para poñer un ascensor cun foso mínimo. Están esperando a que lles digan algo, a solución vai tardar pero non o esquecen, é algo que a eles tamén lles preocupa.

E non habendo outros asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as catorce horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, do que eu, Secretaria, certifico.

Documento asinado dixitalmente á marxe.